

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0442	Operacións administrativas de recursos humanos	2021/2022	7	123	147

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO MANDÍAS TOLEDO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de Técnico en xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

O alumnado de primeiro curso ascende a un número total de 8 persoas matriculadas na data da redacción da presente programación. Adoita ser un grupo heteroxéneo, con resultados académicos positivos na meirande parte dos casos, non existindo alumnado repetidor aínda que si con módulos pendentes nalgún caso puntual.

Tódolos aspectos a desenvolver nas aulas, tales coma a metodoloxía, obxectivos, unidades e contido das mesmas, cualificacións, sistema de recuperación, entre outras, serán comunicada ao alumnado ao inicio de curso, utilizando como linguas o galego e o castelán, sendo a lingua vehicular esta última.

Todo isto enmarcado no contexto actual, por mor do que se implementan protocolos coa fin de garantir que o Centro de estudos sexa un espazo seguro.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	RRHH	O departamento de recursos humanos e o proceso de selección de persoal. A calidade no departamento de RRHH.	30	17
2	Motivación e formación	Motivación laboral e formación do persoal. Xestión do expediente dos traballadores.	20	16
3	Lexislación e contratación	O Dereito laboral e as súas fontes. Contrato de traballo e modalidade de contratación.	23	17
4	Tempo de traballo e modificacións contrato	Xestión e control do tempo de traballo. Xestión da modificaciónm suspensión e extinción do contrato de traballo.	24	17
5	Seguridade social	A Seguridade Social e o cálculo da cotización á SS e a retención a conta do IRPF e as liquidacións das cotizacións.	24	16
6	Salario	O salario e a nómina.	26	17

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	RRHH	30

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.	NO
RA6 - Aplica procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental nas operacións administrativas de recursos humanos, e recoñece a súa incidencia nun sistema integrado de xestión administrativa.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os aspectos principais da organización das relacións laborais.
CA1.2 Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.
CA1.3 Identifícanse as técnicas habituais de captación e selección.
CA1.4 Caracterizáronse os labores de apoio na execución de probas e entrevistas nun proceso de selección, utilizado as canles convencionais ou telemáticas.
CA1.5 Identifícanse os recursos, os tempos e os prazos necesarios para realizar un proceso de selección de persoal.
CA1.8 Compilouse a información necesaria para facilitar a adaptación do persoal ao novo emprego.
CA1.10 Aplicáronse os criterios, as normas e os procesos de calidade establecidos, na procura dunha xestión eficaz.
CA6.1 Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.
CA6.2 Valorouse a integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa.
CA6.3 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.
CA6.4 Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.
CA6.5 Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Funcións do departamento de recursos humanos.
Políticas de xestión de captación do capital humano na empresa.
Fontes externas e internas de recrutamento.
Métodos de selección de persoal: probas de selección, entrevista, dinámica de grupos e centros de avaliación.
Adaptación ao novo emprego.

**Contidos**

Subvencións. Fontes de subvencións.

Políticas de xestión de persoal.

Prevenición de riscos laborais: saúde, dano e risco.

Fundamentos e principios básicos dun modelo de calidade total en recursos humanos.

Normativa de protección de datos de carácter persoal e confidencialidade.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Motivación e formación	20

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.	NO
RA2 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de formación, desenvolvemento, compensación e beneficios do persoal, e recoñeceuse a documentación xerada.	SI
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante, e elaboráronse os informes apropiados.
CA1.7 Mantívose actualizada na base de datos creada para este fin a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal.
CA1.9 Realizáronse consultas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes sobre diversos datos de xestión do persoal.
CA2.1 Descríbense as características dos plans de formación continua, así como as dos plans de carreira do persoal.
CA2.2 Preparouse a documentación necesaria para unha actividade de formación (manuais, listaxes, horarios e follas de control).
CA2.3 Identifícanse as entidades de formación máis próximas ou importantes, preferentemente por medios telemáticos, para propor ofertas de formación nun caso empresarial dado, e contactouse con elas.
CA2.4 Clasifícanse as principais fontes de subvención da formación en función da súa contía e dos seus requisitos.
CA2.5 Organizáronse listaxes de actividades de formación e reciclaxe en función de programas subvencionados.
CA2.6 Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante.
CA2.7 Actualizouse a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal, nas canles de comunicación internas.
CA2.8 Actualizáronse as bases de datos de xestión de persoal.
CA2.9 Realizáronse consultas básicas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes.
CA2.10 Aplicouse ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.
CA3.9 Rexistrouse a información xerada nos respectivos expedientes de persoal.
CA3.10 Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Fontes da normativa laboral.
Subvencións. Fontes de subvencións.

**Contidos**

Políticas e procedementos administrativos relacionados coa motivación e coa formación.

Principais técnicas de formación empresarial.

Entidades de formación.

Control das compensacións, os incentivos e os beneficios do persoal.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Lexislación e contratación	23

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA5 - Elabora a documentación relativa ás incidencias derivadas da actividade laboral das persoas traballadoras, consonte a normativa.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Definíronse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.
CA3.2 Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.
CA3.3 Formalizáronse os contratos laborais.
CA3.4 Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.
CA5.1 Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Forma do contrato.
Modalidades de contratación.
Proceso e procedemento de contratación laboral. Rexistro.
Documentación e formalización do contrato de traballo.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Tempo de traballo e modificacións contrato	24

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA5 - Elabora a documentación relativa ás incidencias derivadas da actividade laboral das persoas traballadoras, consonte a normativa.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.
CA5.2 Elaboráronse os formularios de recollida de datos sobre control presencial, incapacidade temporal, permisos, vacacións e similares.
CA5.3 Realizáronse cálculos e estatísticas sobre os datos anteriores, utilizando follas de cálculo e formatos de gráficos.
CA5.4 Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.
CA5.5 Realizouse o seguimento de control de presenza para conseguir a eficiencia da empresa.
CA5.6 Realizáronse periodicamente copias de seguridade das bases de datos de persoal.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Xornada de traballo e calendario laboral.
Suspensión e extinción do contrato de traballo.
Control horario.
Absentismo.
Xestión de situacións especiais: incapacidade laboral, excedencias, permisos e viaxes.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Seguridade social	24

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	NO
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.
CA3.6 Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.
CA3.7 Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.
CA4.2 Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.
CA4.6 Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.
CA4.8 Creáronse os ficheiros de remisión electrónica, tanto para entidades financeiras como para a Administración.
CA4.9 Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.
CA4.10 Realizáronse periodicamente copias de seguridade informáticas para garantir a conservación dos datos na súa integridade.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Afiliación e alta na Seguridade Social.
Liquidación.
Réximes do sistema da Seguridade Social.
Obrigas da parte empresarial coa Seguridade Social.
Cotizacións á Seguridade Social.
Tipos e bases de cotización.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Salario	26

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferencíanse os tipos de retribución máis comúns.
CA4.3 Identifícase a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.
CA4.4 Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.
CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.
CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Confección do recibo de salarios.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Coa fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, no desenvolvemento das unidades didácticas desta programación recolléronse os criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das capacidades establecidas do currículo.

### MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva son os que figuran no apartado 4c desta programación.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación outorgada na primeira avaliación parcial será un resultado numérico, en base dez e sen decimais.

Para a obtención de tal resultado determinarase, en primeiro lugar, a cualificación de cada unidade didáctica. Isto farase aplicando aos instrumentos de avaliación especificados en cada unidade o peso na cualificación que para cada un deles aparece asignado. Seguidamente, determinarase a cualificación da avaliación parcial tendo en conta o peso que proporcionalmente corresponde a cada unidade didáctica, tendo en conta para establecer tal proporción unicamente as actividades efectivamente desenvolvidas no transcurso da primeira avaliación parcial. Se nunha das unidades didácticas a cualificación obtida fose inferior a catro, a avaliación considerárase suspensa aínda que polo procedemento antes descrito se alcanzase unha puntuación de cinco ou superior; e nese caso outorgárase, como máximo, unha cualificación de 4 (catro).

A cualificación outorgada na segunda avaliación parcial será un número en base dez e sen decimais, determinado do seguinte modo:

a) Primeiramente, calcularase un resultado numérico, en base dez e sen decimais.

Para isto aplicarase aos instrumentos de avaliación especificados en cada unidade o peso na cualificación que para cada un deles aparece asignado. Despois, determinarase a cualificación da avaliación parcial tendo en conta o peso que proporcionalmente corresponde a cada unidade didáctica, tendo en conta para establecer tal proporción unicamente as actividades efectivamente desenvolvidas no transcurso da segunda avaliación parcial. E se nunha das unidades didácticas a cualificación obtida fose inferior a catro, a avaliación considerárase suspensa aínda que polo procedemento antes descrito se alcanzase unha puntuación de cinco ou superior; e nese caso outorgárase, como máximo, unha cualificación de 4 (catro).

b) Se o resultado calculado do modo dito é inferior a cinco, a avaliación está suspensa; e tal resultado será o que se consigne para a segunda avaliación parcial nos documentos de avaliación.

c) Se, pola contra, o resultado calculado é de cinco ou superior, a segunda avaliación parcial está aprobada coa cualificación que se corresponde con tal resultado.

Mais, neste caso, se tamén estivese aprobada a primeira avaliación parcial, o resultado que se fará constar para a segunda avaliación non será o correspondente a tal avaliación parcial senón o coincidente co que proceda outorgar no momento de se celebrar a avaliación final.

A cualificación que se outorgue na avaliación final será o resultado numérico, en base dez e sen decimais, obtido de aplicar ás cualificacións de cada unidade didáctica impartida durante a totalidade do curso os pesos na cualificación a cada unha delas asignados. O anterior, salvo no caso de que algunha avaliación parcial estivese suspensa e non fose recuperada, pois, neste suposto o módulo estaría suspenso e a cualificación máxima que se podería outorgar sería un 4 (catro).

Porcentaxe de cualificación das UD's:

UD 1 17%

UD 2 16%  
UD 3 17%  
UD 4 16%  
UD 5 17%  
UD 6 17%

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Ao alumnado que non supere algunha avaliación parcial, daránselle as orientacións e apoios necesarios co fin de que poida superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos exixibles e os instrumentos de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo da seguinte forma:

- Entrega de material de traballo específico na aula, para o alumnado que o precise e/ou instrucións pertinentes.
- Comentario e análise do material de recuperación entregado polo alumnado, e solución de dúbidas.
- Probas de recuperación, similares ás non superadas na avaliación no período de recuperación establecido polo centro (ver UD correspondente)

Ditas probas puntuaranse ata 10 puntos, debendo obter por parte do alumnado un 5 como mínimo para considerarse superada. Do mesmo xeito, reflectirase a cualificación máis elevada obtida polo alumnado obxecto de realizar ditas probas de recuperación.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que acumule faltas sen xustificación algunha, superiores ao 10% da duración do presente módulo, incurrindo na perda a avaliación continua, non se lles avaliará trimestralmente, procedendo a acreditar a consecución dos resultados superando unha proba extraordinaria previa á avaliación final do módulo, esta proba abranguerá os contidos do módulo referidos anteriormente, debendo obter unha puntuación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos en dita proba.

A data, hora e lugar específico no que se celebrará tal proba darase a coñecer ao alumnado mediante anuncio a través de calquer tipo de medio físico ou telemático do propio Centro de Ensino.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua poderá realizar todas as actividades do módulo excepto as saídas formativas e aquelas outras que poidan implicar algún risco para o propio alumnado, para o resto do grupo, ou para as instalacións.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Para a avaliación do desenvolvemento desta programación, así como da propia práctica docente, seguirase o seguinte procedemento:

1. Recollida sistemática de información sobre as tarefas docentes que figuran nas actividades das distintas unidades didácticas, que permita o autocontrol do axeitado ritmo de desenvolvemento das actividades programadas.

Ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación nas reunións de equipo docente e mediante a aplicación programacións, co fin de poder adoptar as medidas correctoras oportunas, se fose o caso.

2. Enquisas ao alumnado despois de cada avaliación.

3. Memoria de fin de curso segundo modelo correspondente da Consellería, no que amáis de recoller os contidos oportunos, incluíranse segundo o caso, as propostas de mellora cara o seguinte curso académico.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Durante a primeira semana do curso académico, realizarase unha proba de avaliación inicial para tratar de determinar se as competencias previas do alumnado son suficientes para cursar o módulo ou se habería quen podería precisar algún tipo de reforzo previo. Esta proba de avaliación inicial constará de preguntas curtas. Dita proba non constituirá obxecto de calificación.

Con esta proba de avaliación tratarase de evidenciar a posesión ou non das competencias iniciais requiridas, a través dos resultados ou produtos que serían esperables de se posuír os coñecementos e destrezas agardados.

Na reunión de avaliación inicial que se celebrará o 30 de setembro de 2020, poranse en común aqueles aspectos que o profesorado considere do alumnado, obtidos da observación dos procedementos e destrezas derivados da toma de contacto e avaliación inicial realizada.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Dada a diversidade de alumnado que cursa o módulo, o seguimento do traballo desenvolvido individualmente por cada alumna ou alumno permitirá constatar, máis alá das dificultades para a solución axeitada dalgunha actividade concreta, os casos nos que o alumnado non estea respondendo de modo global aos obxectivos fixados na programación.

Derivada da situación sanitaria actual e coa fin de garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe, utilizaranse na medida do posible os medios telemáticos a disposición de profesorado e alumnado, para complementar o ensino presencial e proceder ao ensino telemático na súa totalidade se a situación así o require.

Do mesmo xeito, en canto a disposición de aula e procedementos dentro da mesma, terase en conta os protocolos como norma xeral e as instrucións do centro de forma específica.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

Por educación en valores entendemos un conxunto aberto de contidos referidos a sectores de coñecemento e caracterizados pola súa alta relevancia social.

Este tipo de contidos aparecen reflectidos en diversos artigos da lexislación que regula o sistema educativo español e o módulo obxecto desta programación en particular.

Pártese de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e manifestarse na aula de forma permanente; a solidariedade, o ben da maioría sobre intereses particulares, o respecto para ser respectado, o respecto á minoría e o respecto aos acenos de identidade e igualdade de oportunidades son algúns dos exemplos.

Entre os temas transversais que teñen presenza neste módulo, destácanse a comprensión lectora, oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e comunicación, emprendemento e educación cívica e constitucional.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Realizaranse as actividades complementarias e extraescolares propostas polo Departamento, que serán incluídas posteriormente nos seguimentos da programación correspondentes.

## **10. Outros apartados**

### **10.1) Presentación da programación**

Na presentación do módulo profesional ao alumnado ao comezo de curso, a profesora faralle referencia ao alumnado da existencia da programación que estará á súa disposición no momento en que calquera de eles o precisen e en número que soliciten, poñéndose á súa disposición na aula virtual.

### **10.2) Bibliografía**

Ayensa Esparza, Ángel María.: Operaciones Administrativas de Recursos Humanos. Editorial Paraninfo. ISBN: 978-84-283-4300-8  
López y López, Isabel: Práctica de salarios y cotizaciones. Editorial UNED / CEF. ISBN: 978-84-454-4183-1  
Orellana García, José María: Lecciones de seguridad social. Editorial UNED / CEF. ISBN: 978-84-454-4095-7